

Os/as enxeñeiros/as de Teleco...

Son enxeñeiros/as multidisciplinares e moi versátiles, grazas á formación que reciben en matemáticas, física, programación, electrónica, procesado de sinais, deseño de sistemas de redes e servizos de comunicacións.

Esta formación permítelles adaptarse en todo momento aos rápidos e continuos cambios tecnolóxicos que está a traer consigo a “transformación dixital”.

Estudos na EET da UVigo

Graos

- ✓ Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT)
- ✓ Bachelor in Telecommunication Technologies Engineering (BTTE)
- ✓ Programa Académico con Percorrido Sucesivo (PARS)

Mestrados

- ✓ Enxeñaría de Telecomunicación (MET)
- ✓ Ciberseguridade (MUniCS)
- ✓ Internacional en Visión por Computador (imcv)
- ✓ Matemática Industrial (M2i)
- ✓ Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica (MQIST)
- ✓ Internet das Cousas (MUIoT)
- ✓ Realidade Estendida (masterXR)

...traballan en...

Sectores que requiran profesionais con amplos coñecementos nas TIC para o desenvolvemento dos sistemas e servizos de telecomunicación actuais e do futuro.

Desenvolvendo e empregando tecnoloxías punteiras como: Intelixencia Artificial (IA), *machine learning*, *big data*, ciberseguridade, vehículos autónomos (drons e outros), realidade aumentada, Internet das Cousas (IoT), e moitas máis.

Escola de Enxeñaría de TELECOMUNICACIÓN



Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación
Universidade de Vigo



Visita a nosa web.

Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación

Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

- ✓ 4 anos de duración.
- ✓ 240 créditos (ECTS) - 12 ECTS Traballo Fin de Grao, 18 ECTS materias optativas e 6 ECTS para facer prácticas en empresas.
- ✓ ~ 50 % da docencia en laboratorios informáticos e instrumentais.
- ✓ Catro mencións (ou especialidades) impartidas en 3º e 4º curso.
- ✓ Posibilidade de realizar estancias Erasmus cun programa académico personalizado.
- ✓ Temos avanzados laboratorios experimentais: circuitería electrónica (analóxica e dixital), medicións acústicas (cámaras anecoicas), servidores de computación avanzados para as túas prácticas en Cloud Computing e IoT (Internet das Cousas), propagación de sinais de radiofrecuencia...

Por que estudar na EET en Vigo?

+40

Máis de 40 anos formando profesionais en Enxeñaría de Telecomunicación.

95 %

O 95 % das persoas graduadas traballa. O tempo medio para atopar o primeiro emprego é inferior a 4 meses.



Nos 2 primeiros cursos aprendes os principios da Telecomunicación e especialízaste nos 2 seguintes, cando sabes máis sobre os seus contidos



Podes facer dúas mencións simultaneamente, cursando só 5 materias a maiores (un cuadrimestre) - 2 especialidades no teu título.



Máis de 200 convenios asinados con empresas do sector.



Somos pioneiros na implantación de:
Programa de integración (IntégraTe), para atender o novo estudiantado de grao que chega á Escola.
Plan de Orientación (orientaTE), para que teñas formación complementaria e transversal.
Curso Cero, que che axudará no comezo.



Título eminentemente práctico.



Grazas aos acordos ERASMUS poderás estudar noutras universidades europeas.

Que especialidades podos elixir?



Sistemas de Telecomunicación

Deseño, desenvolvemento, operación e xestión dos sistemas de telecomunicación actuais e do futuro, tanto sen fíos (redes 5G, Wi-Fi, Bluetooth, comunicacións por satélite, localización GPS...), como con fíos (fibra óptica, ADSL...).



Son e Imaxe

Deseño e desenvolvemento de sistemas multimedia e audiovisuais en redes de comunicación; captura, reprodución e procesado de sinais de son e de vídeo; acústica; realidade aumentada e realidade virtual.



Telemática

Infraestruturas, dispositivos e protocolos que conforman as redes de ordenadores, Cloud Networking e Internet; técnicas de deseño, desenvolvemento e xestión de sistemas, servizos e apps en redes (tecnoloxías web, bases de datos, Edge & Cloud Computing, apps móbiles...).



Sistemas Electrónicos

Diferentes áreas do ámbito das telecomunicacións centrándose na electrónica para comunicacións dixitais; sensores, drones, automoción, biomedicina... A electrónica é unha tecnoloxía base doutras moitas tecnoloxías.

Veñas do Bacharelato ou dun Ciclo Superior de Formación Profesional, o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación é a mellor opción se queres ter un papel protagonista no desenvolvemento da Sociedade da Información neste mundo en constante cambio e evolución.